

NAUTA SANXENXO, S.L.

ANUNCIO para a contratación do aluguer do embarcadoiro transporte de pasaxeiros no porto deportivo de Sanxenxo.

Aprobados os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que rexen a contratación do aluguer do embarcadoiro transporte de pasaxeiros no porto deportivo de Sanxenxo.

1. Obxecto: a contratación do aluguer do embarcadoiro transporte de pasaxeiros no porto deportivo de Sanxenxo, conforme prego de condicións técnicas.
2. Prezo e duración do contrato: o orzamento mínimo de licitación anual, sen incluír o imposto sobre o valor engadido, é de 22.337,55 €, o IVE ascende a 4.690,89 €, e o orzamento mínimo de licitación con IVE, é de 27.028,44 €.
O prazo de duración do contrato será de catro anos, con posibilidade dunha prórroga doutros dous anos como máximo.
3. Procedemento e tramitación: a adxudicación realizarase mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto.
4. Lugar e prazo de presentación das ofertas: as proposicións presentaranse en Nauta Sanxenxo en horario de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:00 de luns a venres e sábados de 10:00 a 13:00 horas, dentro do prazo de quince (15) días a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial de Provincia, Diario Oficial de Galicia e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello de Sanxenxo, www.sanxenxo.es. O cómputo de prazos comezará dende a última publicación en calquera dos medios citados. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, se ampliará ao día seguinte hábil que non fose sábado.
5. Criterios de adxudicación: serán os determinados na cláusula 9ª do prego de cláusulas administrativas que rexen esta contratación.
6. Mesa de contratación: constituirase conforme o disposto na cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas.
7. Garantías: definitiva do 5% do importe total da adxudicación excluído o IVE.
8. Entidade e información: Nauta Sanxenxo. Teléfono: 986 720 517.
9. Documentación: recollerase en Nauta Sanxenxo e a través da web www.nauta@sanxenxo.org.

En SANXENXO a 07 de maio de 2015



LA PRESIDENTA,

CATALINA GONZÁLEZ BEA.